



| | | |
|---|-------------------|-----------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> | <i>Expediente</i> | <i>Fecha</i> |
| CONYI04M | CON/4/2014 | 07-02-14 13:03 |

Sello o Certificación Mecánica



Asunto

Mantemento dos ascensores dos Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE DEBEN REXER A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DOS CENTROS SOCIOCULTURAI

CLAUSULAS

1. Obxecto do contrato

E obxecto deste prego a contratación do **mantemento preventivo e revisións periódicas dos ascensores dos Centros Socioculturais Municipais**, xa que tódos os ascensores públicos deben de contar, por normativa legal, con un servizo de mantemento que permita un óptimo rendemento do mesmo e preveña accidentes ou calquer outra circunstancia perigosa para os/as usuarios/as que os utilizan.

2. Desenvolvemento do servizo

A prestación do servizo desenvolverase nos **equipamentos socioculturais municipais que contan con aparello elevador**

Os equipamentos con aparellos elevadores obxecto de mantemento son os seguintes:

- 2.1. Centro Sociocultural das Fontiñas. Rúa Berlín, 13.
- 2.2. Centro Sociocultural de Vite. Rúa Carlos Maside,7.
- 2.3. Centro Sociocultural do Castiñeiriño. Rúa Virxe de Fátima, 1.
- 2.4. Centro Sociocultural da Trisca. Corredoira das Fráguas, 92.
- 2.5. Centro Sociocultural da Rocha. Rúa do Beado,1.
- 2.6. Centro Sociocultural de St. Marta,. Rúa Antonio Rama Seoane

2.2. Identificación dos aparellos elevadores obxecto do contrato características técnicas –

| | | |
|--|---------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONY104M | <i>Expediente</i> CON/4/2014 | <i>Fecha</i> 07-02-14 13:03 |

| CENTRO | R.A.E | CARGA | PORTAS | TRACCIÓN | M/SG | MARCA |
|---------------------|-------|-------|--------|----------------|------|------------|
| FONTIÑAS | 13278 | 800 | 5/6 | <i>Elect.</i> | 1 | ORONA |
| VITE | 7708 | 450 | 3 | <i>Hidrau.</i> | 0.60 | ORONA |
| TRISCA | 15370 | 450 | 5 | <i>Elect.</i> | 1 | ASCEL/KONE |
| ROCHA | 18750 | 450 | 2 | <i>Hidrau</i> | 0.60 | ENOR |
| ST MARTA | 26074 | 630 | 2 | <i>elect.</i> | 1 | ORONA |
| CASTIÑEIRIÑO | 17277 | 630 | 2 | <i>Elec.</i> | 1 | SCHINDLER |
| VILLESTRO | | 630 | 3 | <i>elect</i> | 1 | SCHINDLER |

3. Condicións xerais

A empresa adxudicataria farase cargo dos salarios, seguros sociais, etc, que a lei otorga aos empregados que realicen os servizos, cando o servizo non se preste de xeito adecuado o Concello poderá esixirle a empresa a substitución de calquer traballador, e asemesmo a empresa deberá cubrir as baixas que se presenten por calqueira motivo para unha prestación óptima do servizo.

4. Cláusulas técnicas de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria.

Estas cláusulas técnicas deben garantir un servizo de mantemento de acordo coa **lexislación vixente**, nas que deben incluírse polo menos os seguintes servizos:

1. **Revisions periódicas mensuais** que garantan o correcto funcionamento do aparello elevador.
2. **Mantemento preventivo**, que supón alomenos o mantemento, axuste e engrase con materiais homologados de tódolos elementos que o precisen.
3. **Limpeza dos espazos**, tales como sala de máquinas, foso e calquer outro espazo que poida condicionar o correcto funcionamento do aparello elevador.

| | | |
|--|---------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI04M | <i>Expediente</i> CON/4/2014 | <i>Fecha</i> 07-02-14 13:03 |

4. Asistencia técnica, cando se teñan que realizar as **inspeccións oficiais**, comunicando a propiedade a data na que corresponda solicitar dita inspección, según o regulamento de aparellos elevadores, asesorando de calquera consulta relacionada co regulamento vixente.
5. **Atención as 24 horas**, a través dun servizo telefónico permanente, no que se poida respostar as dúbidas, reclamacións, etc, que xurdan e tomar as medidas pertinentes para cada situación.
6. **Atención as avarías** que se poidan producir no funcionamento dos aparellos elevadores, no mínimo tempo posible.
7. **Servizo de emerxencia os 365 días** do ano, en caso de que sexa necesario rescatar a algunha persoa do aparello elevador, polo que a propiedade debe manter una liña telefónica para poder dar uso a éste. Este servizo deberá estar operativo as 24 horas.
8. **Competencia e formación específica**, para todos aqueles que leven a cabo traballos de mantemento ou traballos técnicos do ascensor .
9. **Información clara e veraz** de cara o cliente, sobre o estado no que se encontra a instalación obxecto de contrato, incluso poñendo por escrito a situación concreta para buscar as posibles solucións ou as mais axeitadas de cara o correcto funcionamento do aparello.
10. Garantir **os repostos**, tendo en conta a súa **homologación** en todos aqueles casos nos que sexa preciso cambiar ou repoñer algunha peza.
11. Ningunha empresa asumirá en ningún momento a posesión ou administración dos elevadores, que continuarán sendo exclusivamente do **dominio da propiedade**.
12. Deberán facerse os mantementos das instalacións dos aparellos elevadores, procurando a **menor interferencia posible** coas actividades normais de traballo ou do uso público dos equipamentos socioculturais.

| | | |
|--|---------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI04M | <i>Expediente</i> CON/4/2014 | <i>Fecha</i> 07-02-14 13:03 |

5. Exclusionés


Quedarán excluídas do seguinte contrato, o mantemento que resulte necesario por causa de un uso indebido, sobrecarga de persoas, vandalismo, lume, auga ou humidade, o mesmo que todas aquelas que se deriven de esixencias normativas, ordenadas polos organismos pertinentes para a corrección de irregularidades ou modificacións, así como as derivadas de alteracións de tensión nas liñas de alimentación eléctrica.

6. Cobertura de riscos

Os posibles danos de carácter físico ou material, así como as indemnizacións que pudesen producirse a terceiros no exercicio das tarefas recollidas no presente Prego de Prescricions, deberán atoparse cubertos pola empresa adxudicataria, mediante a correspondente póliza de responsabilidade civil.

7. Prevención de riscos laborais

A empresa que resulte adxudicataria deberá estar o corrente no cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, según a lei vixente.



Enrique Vázquez Naveira

Director de Centros Socioculturais

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2014